

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº78/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de decembro / Estado de Festa da Centola

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)




Homenaxe da Escola Naval Militar ao gardamariña que perdeu a vida nunhas manobras a carón do Buraco do Inferno.  
Páx. 1

## FALECEU “MARACAIBO”

Que teñas unha boa singradura por eses novos mares e océanos polos que, seguro, irás na procura doutra CAMAWEI.

Tinón

Foto: Esquerda: *Moncho de Ferrol*. Dereita: *Maracaibo*. Páx. 5



Parques prepara unha zona de repouso, ideal para descanso, a carón da praia de Area dos Cans, e déixaa sen sombra. Páx. 1



A varanda do peirao de Ons, sofre, un ano máis, os efectos do temporal. Páx. 1



**Roberto Vilar** (Land Rober), atopa solución aos problemas da Illa de Ons.

Os aunienses, invitados ao seu programa, coidan que poderán arranxar as problemáticas desta Illa co PoliOns. Páx.3



Homenaxe a Conde Corbal e interesante número da revista da Cultura Mariña <Nova Ardentía>. Páx. 2



Presentación oficial do Documental “*A última dorna de Ons*” no Centro de Interpretación do Parque Nacional Illas Atlánticas en Vigo. Moi interesante. Páx. 5





O luns 27 de novembro, desprazábanse ata a Illa de Ons un grupo de militares da Escola Naval Militar de Marín para render homenaxe ao gardamariña que hai 60 anos, un 18 de outubro de 1963, perdeu a vida nunhas manobras nos cantís do Buraco do Inferno.

Xa dabamos conta o 9 de outubro de 2023, no nº 75 de Onstopus, da renovación da cruz.

**Fotos:** Cedidas por Pepe de Miro e E.N. Militar. Á esquerda podemos ver aos militares despois do xantar na Illa, con Manu e Pepe de Miro. Á dereita: Ofrenda no Buraco, homenaxe da Escola Naval Militar ao gardamariña no Buraco o 27 de novembro de 2023.



### VARANDA DO PEIRAO DE ONS

*Foto da esquerda: 26/11/2023 - Foto da dereita: 6/10/2023*


Comprobabamos no inverno de 2022 como a varanda de protección do peirao de Ons que puxera a Autoridade Portuaria (dende logo moi necesaria), nunha zona en concreto, era barrida polas ondas dos temporais inverniais.

Decidiron quitala para, chegado o verán 2023, volver a poñer outra nova.

Sabedores de como traballa aí o mar, en outubro de 2023, acordaron sacar a varanda, deixando os soportes, aos que puxeron uns cabos a modo de pasamáns.

Como podedes comprobar na foto da esquerda, de novo o temporal fixo das súas e así de dobrados deixou eses soportes. O mar ten unha forza que as veces supera a imaxinación, por iso os profesionais, despois de dúas experiencias, terán que tomar mellores medidas de cara ao inverno que vén.

Esperemos que non sufran máis danos no que resta de inverno.



**Zona de Curro**, baixada a carón do C. de Visitantes cara a praia de Area dos Cans. Na foto da esquerda como se atopaban as acacias nese espazo no mes de agosto. Á dereita, mes de novembro, esas acacias desapareceron. Estaban secas, e pode ser que o temporal as tombase, pero, os que as secaron, non se deron conta que non plantaron e que esa zona de descanso quedou sen sombra?





**LAVADOIROS DE ONS**  
 Así se atopaban, no mes de novembro, as fontes-lavadoiros de Canexol (esquerda) e Pereiró (dereita). Non entendo, por iso pregunto, será así como deben estar para a boa vida dos réptiles que alí habitan? Os veciños xa teñen lavadoras na casa!!!



Charla de Antón Mascato no Quinteiro de Temperán




Proa ás Mariñas!

XVI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia



**MEMORIA DE VIDA EN ONS: MANUEL PIÑEIRO (e III)**

Manuel P. Rúa



Rematamos con esta terceira entrega a transcripción das conversas mantidas con Manuel Piñeiro en 1995 arredor da vida e o traballo na illa de Ons durante o século XX, completando así as que xa publicamos nos dous números anteriores (13 e 14) da revista.

**Naufraixos**

Contáronme dunha goleta de vela que foi no Rego da Ferriña, na Onza. Foron a un sitio moi perigoso, con tanta sorte que entraron por un rego entre o Ilote e A Cerraña e Punta do Sur da Onza. Subiron ó *palo* e o mesmo balance xa os botou enriba da Onza. Perdeuse o barco, aínda están alí os restos pegados ó fondo, a *ancla*, as *cadenas*... Pero os homes salváronse todos. Deses goletas conservámonos nós os *faroles* moitos anos, na casa onde eu nacín, moitos anos. Haberá 40 ou 45 anos que nos desfixemos deses *dichosos faroles*, os *faroles* de situación dos barcos, de aceite. Aínda llos demos a un tío meu que viña á illa á compra do polbo e da lura.

Acordo unha *pareja* ir a Liñeiros. O que non acordo foi o "Santa Isabel", que foi a Sálvora, que apareceron moitos cadáveres alí na illa de Ons, na Cova de Vella e nas Fontiñas, atracaron moitos. Collíanos e enterrábanos. O "Santa Isabel" era un correo deses que viñan a Vilagarcía e Marín. Fondeaban de fóra e collían a pasaxe en barcazas, ían a Sudamérica, Centroamérica, Norteamérica... Collían e tamén botaban o que viña de volta, e máis enfermos, segundo me teñen contado, eu non o acordo. O "Santa Isabel" era dos mellores. Entraba para Vilagarcía e en Sálvora embarrancou nun

baixío que hai para leste e alí o tragou o mar e tragou xente bastante. Moitos da illa que marcharon para Cuba, Argentina e Montevideo, embarcáron nesas barcazas, en Marín. E cando traían enfermos de cólera e esas cousas, botábanos na illa de Tambo, onde botaban había un hospital, agora é o polvorín da *Escuela*.

Acordo en Liñeiros, ese si acordo, e máis a sacarlle a caldeira, que era a vapor, a máquina, non recordo o nome do barco. Recordo do "María Luisa", aquí na Onza. Aínda collín. Mortos, collín varios. Era un bou de Vigo, era xa a máquina. O "San Telmo" era unha baka, un barco de arrastre de Marín. "María Isabel"... O "Mari Tusa" saíu de Vigo, novo, e entrou pola boca do Porto do Sol e veu embarrancar ó ilote da Serríña, tamén se salvaron todos menos un que tivo a mala sorte de que nun bandazo aplastouno.

Á Onza foron 7, dende o Porto do Sol á Serríña foron 7: "San Telmo", "María Luisa", "Mari Tusa", "María Isabel"... o "Orzán", que foi o primeiro, un *patrulleiro* francés. Morreron moitos pero tamén se salvaron moitos. Foi o día 5 de *enero* do 41, cando empezou a Guerra Europea. Había 2 que facían a vixilancia e se relevaban. Cando había moito temporal viñan para

**QUINTEIRO DE TEMPERÁN e MEMORIA DE VIDA EN ONS**

O venres día 1 de decembro asistía ao magnífico museo sito en San Vicente do Mar, O Quinteiro de Temperán, a unha exposición e charla sobre José Conde Corbal a cargo de Antón Mascato. Recordar que xa no nº 69 de Onstopus tocaba o tema das ilustracións que Conde Corbal realizou no libro de Daniel Hortas "Con el viejo Bene en la Isla" sobre a Illa de Ons: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/69/onstopus-69.pdf> Aproveitando dito evento, Antón, pasoume a excelente revista sobre cultura marítima "Nova Ardentía" que entre os seus magníficos artigos, leva o último de Manuel P. Rúa sobre a Vida na Illa de Ons, contada polo auniense Manuel Piñeiro. Coido que este traballo de recompilación, en tres entregas, é moi interesante para coñecer mellor a cultura de Ons e recomendo a súa lectura.





### AUNIENSES NA TVG (Contos de Taberna)

Hai unhas semanas mirábamnos no programa <Atrápame se podes> que presenta Paco Lodeiro, a Rubén, neto de Rosiña e bisneto do carpinteiro de ribeira auniense Cachote. E, o pasado xoves, no programa <Land Rober>, que dirixe Roberto Vilar, viamos a aunienses das familias, coñecidas cariñosamente, como as de Lareiro e Pescadilla.

Roberto Vilar, dende que o atopamos na praia meca das Pipas, no chiringuito O Areaso, e pediunos un exemplar da revista Aunios da Asociación PineirÓns e no que tamén puido ver que se edita un minixornal de nome Onstopus sobre Ons, quedou seducido por esta Illa e, cando viu que varios aunienses querían ir ao seu programa, non só foron convidados de honra, senón que participaron activamente no show.



Coa lectura de Onstopus, coñeceu as problemáticas da Illa e, aproveitando a ocasión e sabedor de que axiña os veciños van ser chamados a participar na reunión anual do <Organismo Fantasma> “Padroado”, encargou a Adrián que comunicara á Presidenta da As. Veciñal de Ons, que sexa ela a que vaia a dita recepción, pois é unha persoa loitadora, con enerxía, carácter,..., e con valor suficiente para non permitir que ninguén pase por riba dela e dos valores que defenden.

O que si lle dixó, é que levara un dossier, ben detallado, das reivindicacións veciñais para presentarlle ao “Presidente do Padroado”, casualmente, curmán do Presidente da Xunta, e que este informe quedara presentado por rexistro no Parque.

Á vez, o Sr. Vilar, comprobou que, segundo algúns din, Cíes ten, para a Xunta, un poder preferencial con respecto ás demais illas do Parque, sendo a que vai por riba das demais (sen querer comparala co tema catalán). É por iso que, comprobando, entre outras cousas, que o alcalde de Vigo puxo en Cíes a membros da Policía Local e que o Grupo de Goberno de Bueu, non fai o mesmo en Ons, esta non vai a ser menos, e nomeou a Rafael: Policía Local de Ons, co nome de, O **PoliOns**.

Rafael non puxo impedimentos, aínda que sabe a grande responsabilidade que colle e o traballo que, sobre todo no verán, vai ter. Só por poñer uns exemplos sobre o que vai ter que lidar o **PoliOns**, dicirvos:

- Comprobar que todas as promesas que fai 2 anos fixo o Sr. Rueda, presidente da Xunta, cunha aportación importante de cartos para investir en Ons, se cumpran, porque ata o de agora, Na de Na!!!
- Que arranxen os camiños da Illa, sobre todo o que vai de Curro a Pereiró, para que o ir e vir de vehículos non provoque un levantamento de polvo, que non permite unha vida normal aos habitantes destes barrios.
- Que a mesa da partida, non sexa ocupada por “Jodechinchos”, no idioma da Illa, “Jodepulpo”.
- Que a única dorna auniense, a <Carmen> de Cesáreo, teña unha aportación económica anual de Parques para a súa conservación.
- Que o Centro de Visitantes abra pola mañá e pola tarde, e que haxa quendas de persoal para que existan actividades que eviten que a única ocupación que teñan os veciños e visitantes, a partires das 20 horas, sexan os bares.
- Que a concelleira de Cultura de Bueu, non faga como o seu antecesor, e se preocupe pola cultura de Ons. Por exemplo, promocionando estudos e investigacións sobre o seu Patrimonio Inmaterial. ....

E un mundo máis de cometidos que vai ter o **PoliOns**, que deixamos que outros os nomeen. Miúdo traballo que vai ter!!!

*Como sempre digo en Contos de Taberna: Todo parecido coa realidade, pura coincidencia.*

**Fotos:** Cedidas por Adrián e TVG. *Arriba esquerda:* Un intre do programa de Rober Land. Adrián ben acompañado a babor e estribor. *Arriba á dereita:* Rafael O. Patiño, nomeado PoliOns. *Abaixo á dereita:* Os aunienses que asistiron ao programa.







## PROXECTOS SUBVENCIONADOS POLO PARQUE

É moi importante, que os proxectos que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, xunto con Parques, patrocinan a través da Área de Influencia Socioeconómica e pola Unión Europea NextGeneration EU, despois de realizados, sexan presentados ao público en xeral, tanto na Sede do Parque en Vigo, como nos concellos e illas sobre os que traballaron.

Ata o de agora comprobamos que así o van facendo, uns presentándoos e outros desenvolvéndoos. Tamén que queden arquivados no Centro principal e nos Centros de Visitantes das propias illas co fin de que sirvan para o desenvolvemento de actividades ou para visualización por persoas interesadas, sobre todo, investigadores.

É necesario e, podemos dicir que imprescindible, que tanto o Centro de Interpretación de Vigo como os Centros das Illas, contén cunha **Biblioteca** con espazo para poder traballar e, especialmente, unha persoa **dinamizadora** que poña en valor todo o material con que conte ese espazo de traballo.

Tamén, con vistas ao futuro, prestar axuda a todas as persoas que desenvolvan eses Proxectos nas propias illas, facilitando a súa investigación e posibilitando a súa estancia nos arquipélagos.



### A ÚLTIMA DORNA DE ONS. Documental etnográfico

Moi interesante o traballo desenvolvido por Anxo Cabada e Anton Davila, poñendo en valor o patrimonio inmaterial da Illa de Ons a través dun documental onde veciños contan as súas experiencias e rematando cunha excelente exposición monográfica sobre a pesca tradicional do polbo na Illa.

Estabamos no momento preciso pois, despois de haber case 100 dornas na Illa a mediados do s.XX, nestes intreos só queda en activo 1 e, cando todas as familias aunienses, dedicábanse a pesca deste cefalópodo con métodos tradicionais, hoxe só Cesáreo, con 81 anos, é o único auniense que traballou con eses aparellos e pode explicalo con todo luxo de detalles. Extraordinario traballo, pois de non facelo, quedaría esquecido e perdido para sempre.

### AXUDA URGENTE AO PATRIMONIO INMATERIAL DA ILLA DE ONS

Remataron as axudas do ano 2023. Pronto saíran, ou iso espero, as de 2024 por parte da D. Xeral de Patrimonio Natural. Coido que deberían reflexionar sobre a necesidade de potenciar a investigación sobre a etnografía da Illa de Ons, pois, non imos a atopar unha zona tan interesante nese senso como esta Illa que, durante máis de un século e medio viviu no máis increíble illamento, o que provocou o xurdir dunha Cultura Popular única que tamén, increíblemente, está sen investigar dun xeito científico e por persoas adecuadas. Sería imperdoable que Parques non intente buscar persoal apropiado para realizar estas investigacións e que sexan subvencionadas adecuadamente. Esperemos que non teñamos que arrepentirnos dunha mala xestión.



Esquerda-dereita: Pepín, Cabada, Tinón, Davila.



**O día 24 de novembro deixounos  
MARACAIBO, un Histórico e  
Emblemático habitante de Camawei  
(Melide-Ons).**

Era un padre camawaiano. Pertenciente a una familia de nome, de la que renunció, para materializar una vida austera y soñar a su manera...

Hizo gozar, disfrutar y reír a cientos de Camawayanos, con sus aventuras en el <Banzay>, su barco, en aquellos fuegos nocturnos de Melide y con otros automáticos pensamientos que de su cerebro surgían de la más natural manera, acabando siempre cada frase con su personal onomatopeya "brbrbrbr".

Recuerdo un día, como otro cualquiera, en el que sentados en una de las mesas de piedra, pidió a gritos un periódico. Cuando se lo trajeron se levantó y lo depositó en el banco, también de piedra, y se sentó encima. El dueño del bar le dijo: - ¿Para eso me pides el periódico? Su respuesta, totalmente seria, con su gorro de lana en la cabeza y unas gafas de piscina azules sobre el gorro, en aquella isla... solo fue: - *Voy a echarle un ojo... Sajajaja. Brbrbrbr.*

Lo que quería era quitar aquel frío de la piedra de sus nalgas con el periódico, como así hizo...

Ese era Maracaibo. Devorador de libros... Incansable lector y paranoico del comer... Incomprendido o genio, que mezclaba en cada charla el conocimiento de 30 lecturas..., que los que no le conocían, incomprendían...

Pero las hamacas voladoras, el circo de pulgas marinas, la isla de Fatu Hiva... son tan reales, como que él nos dejó, para seguir pirateando con el <Bansay>, por el resto de la eternidad.

Desde Ons, con amor.

**Varu Camaway**

Alberto Lamarca, que o teu lago (Maracaibo) saía ao mar e atope na desembocadura, un bajel para navegar a longa viaxe que acabas de comezar.  
Bo vento e boa proa camarada compañeiro.

O meu sentir Txotons e Ane



**MARACAIBO, genio y figura**

- Conocí a Maraca allá por 1978, acampando en las Islas Cíes, haciendo pesca submarina e invitándonos a todos a !!Santiaguíños!!, fruto de sus incursiones a las profundidades.
- Era generoso, además de osado.
- Tres o cuatro años más tarde volvimos a coincidir en la Isla de Ons, acampando en la playa de Melide, donde también se fué convirtiendo en un personaje casi legendario: "Capitán Maracaibo", como bien conocían los chavales más pequeños que se acercaban ilusionados a "Camagüey".
- Siempre se hizo querer por todo tipo de gentes que compartían y disfrutaban de la Isla de Ons.
- No hace demasiado tiempo, coincidí con él en Vigo, ¿como no? Apoyado en la barra de un bar, pasándolo bien..... Genio y Figura.

**Margarita F. Antonio**

*Trasno de sorriso picante que comía amoras e madreseñas.  
Fuxitivo de todo agochado entre as herbas.  
Sempre de volta, sempre voltando.  
Camiñando polo mar solo, sempre acompañado.*

**Isidro Cortizo**



*Últimamente faláramos del varias veces. Foi Santi Corral quen nos deu novas. Logo chegou a ventada xeada que viña anunciar a fin dunha vida: morrera Alberto Lavarca Vázquez, O Maracas, Maracaibo. O obituario inapelable certificaba unha data: Vigo, 24 de Novembro de 2023.*

*Na lembranza un aturuxo: CAMAGÜEI!!! Habará quen saíba de que falo. E dúas travesías, unha regresando da ría de Vigo cara á illa, co Pulpi e Gonzalo Viana de patróns. Foran presenciar a partida da Cutty Sark, no devalo da tarde levantárase unha nortada máis alta có ceo. Na proa do Celina, no medio dos pantocazos, o Maracas mantiña a vela firme como garantía de arribada a unha illa que navegaba entre ondas xigantes. A outra, travesía en seco para acreditar o afundimento do seu veleiro, fondeado en Melide, unha noite de marusia. Cando ao día seguinte, unha voz na de Checho, largoulle que o tiña merecido por non facer caso dos avisos, Maracas revirouse e arriou unha sentenza que valía por manter vivo un prestixio duramente conseguido: Que pasa se eu quixen afundir o meu barco na Illa dos Deuses?*

*Desafiante interrogaba a unha concorrencia enmudecida e nada disposta a dúbida que fora el e non a galerna quen decidira que o veleiro ficase para sempre no fondo do mesmo mar que circulaba polas veas daquel Capitán inesquecible.*

*Que nesta navegación que emprendeu polos mares do alén a airexa lle sexa propicia. Vento na velas e avante toda.*

**Xaime Toxo**

*Que no teu novo derroteiro che acompañe  
"Marak, o tripulante buzo da campá submarina  
con ollos de peixe lanterna ...  
que anotaba cunha pluma de goelands  
e tinta de calamar lucecu, no caderno de abordo,  
entre fune de rubio tabaco ...  
pipas de buxo, de vermello coral e escurma de mar"*

(A bordo do Abrakadabra. Polos sete mares (III))

**Redacción de AUNIOS**



# BOAS FESTAS

2023

AUNIOS

ONSTOPUS

Asociación Cultural "Pineiróns"